CONCELLO DE PONTEVEDRA

# BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTRIBELA E DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Pontevedra conta con dúas áreas de rehabilitación declaradas, concretamente a Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela, declarada con data 03.05.2007 e a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico, declarada o 04.10.2012. A declaración destes ámbitos é unha peza básica para a recuperación e rexeneración do tecido residencial mediante a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas e a reurbanización do espazo público.

A declaración dun ámbito como área de rehabilitación integral permite afrontar a rehabilitación con axudas públicas, co fin de estimular a rehabilitación dos barrios históricos ou degradados, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen a completar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións na Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela que desenvolve na actualidade a súa 8ª fase. A experiencia adquirida neste ámbito serve de base para continuar nunha 3ª fase a recuperación do tecido residencial no Conxunto Histórico, promovendo a cultura da rehabilitación e o mantemento dos oficios tradicionais.

Para o desenvolvemento dos acordos asinados o 26.10.2018 entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra no marco do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (BOE núm.61 do 10.03.2018), resulta necesario establecer unhas bases reguladoras das actuacións e das axudas que determine un procedemento de distribución dos recursos en base aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Seguindo as pautas da Lei 38/2003, do de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada, consonte ao disposto na lexislación de réxime local, no BOP núm.190 do xoves 30 de setembro de 2004, para a xestión das axudas anunciadas dítanse as seguintes bases reguladoras que determinan un procedemento de distribución dos recursos que asegura os principios de obxectividade, concorrencia e publicidade e garanta a transparencia das actuacións administrativas, tendo como principios básicos os preceptos de rehabilitación previstos no RD 106/2018 do 9 de marzo, e na Resolución do 3 de agosto pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (DOG núm.156 do 17.08.2018), con comunicación á Xunta de Galicia de cada unha das persoas solicitantes finalistas das axudas.

Faise polo tanto necesario, a aprobación dunhas novas Bases reguladoras das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integral declaradas no concello, acordes ao novo marco normativo.

Sen prexuízo de que as anteriores bases publicadas no BOP núm. 245 do 21.12.2015, e BOP núm. 244 do 22.12.2017 sigan vixentes para as solicitudes que se presentaron referentes as obras a realizar na 6ª e 7ª fase da ARI de Estribela e na 1ª e 2ª fase da ARI do Conxunto Histórico.

Xa que logo, establécense as presentes bases para a concesión de axudas en orde á rehabilitación de vivendas do eido da ARI de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra, en función da competencia deste Concello en materia de conservación e rehabilitación da edificación, consonte ao art. 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

**Base 1ª. Obxecto.**

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación declaradas no Concello de Pontevedra, dentro do marco dos acordos que se establezan entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, durante o seu período de vixencia.

Principalmente estas bases definen:

- As actuacións e obras que poden ser obxecto de axudas económicas, a cargo dos fondos públicos comprometidos nos devanditos acordos.
- As persoas beneficiarias das axudas económicas.
- As condicións xerais que deben cumprir os beneficiarios e os inmóbeis.
- Os procedementos de xestión e tramitación.

Para todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada no BOP núm. 190 do xoves 30 de setembro de 2004, as bases de execución dos presupostos e demais normativa de aplicación.

**Base 2ª. Ámbito de actuación.**

O ámbito de actuación das presentes bases é:

- A Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela declarada o 03.05.07 por acordo da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- A Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Pontevedra declarada o 04.10.2012 pola Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo, cuxa delimitación e coincidente coa delimitación do Plan Especial de Protección e Reforma Interior e Conservación Artística (PEPRICA) aprobado definitivamente o 27 de febreiro de 2003 e publicado no BOP do 3 de xuño de 2003.

**Base 3ª. Persoas beneficiarias.**

1. Poderán ser beneficiarios e acceder ás axudas á rehabilitación de edificios e vivendas os solicitantes que asuman a responsabilidade da execución integral das actuacións: as persoas usuarias legais, como propietarios/as, comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión, arrendatarios/as ou titulares dalgún dereito de uso, cando as vivendas constitúen o seu domicilio habitual e permanente.

2. Tamén poderán solicitar as axudas as persoas titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas elas mesmas ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro xeito legal admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual.

3. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumidos por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, non se atribuirá á dita propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

4. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

**Base 4ª. Obrigas e condicións xerais que deben cumprir as persoas beneficiarias.**

As persoas beneficiarias promotoras están obrigadas a:

- Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

- Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, e o artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para o caso de recibir as axudas autonómicas. Este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugamento, para os casos en que se destine a esta finalidade. Tendo en conta que o contrato debe estar comprendido entre o día seguinte ao da cualificación definitiva e da data de resolución de concesión ou pagamento da axuda, segundo establezan as bases reguladoras aprobadas polo concello.

- Comunicar ao Concello de Pontevedra calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito: os cambios de titularidade ou de razón social, os traspasos e as subrogación, ou calquera outro cambio que se produza en relación á actividade obxecto de axuda.

- Cumprir o contido do proxecto ou memoria aprobado nas condicións que se sinalen no acordo e as bases que regulan a subvención.

- Colaborar co Concello no cumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases ou convocatorias, principalmente as referidas á verificación, seguimento e control das actuacións subvencionadas.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres o poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra.

- Cumprir as obrigas previstas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida ás persoas beneficiarias pola Intervención Xeral do Concello e polo Tribunal e Consello de Contas , conforme coas súas funcións de fiscalización e control no destino das subvencións.

**Base 5ª. Actuacións subvencionables**

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.

Actuacións subvencionables en vivendas unifamiliares ou agrupadas en filas:

a) A mellora da envolvente térmica da vivenda para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións de mellora do illamento térmico, substitución de carpintarías e acristalamentos dos ocos, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombra.
b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, incremento da eficiencia enerxética dos sistemas xa existentes, mediante actuacións como: substitución dos equipos de produción de calor ou frío, instalacións de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de refrixeración gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión das vivendas a redes de calor e e frío existentes.
c) A instalación de equipos de rexeneración que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa o xeotermia que reduza o consumo da enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Inclúe a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, ao fin de contribuír a produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.
d) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.
e) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HS de salubridade ou, no seu defecto, as que afecten os elementos cuxa tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación o promedio anual de concentración de radon a niveis inferiores a 300 $Bq/m^3$, ou nas que sen alcanzar dito nivel, reduza a concentración inicial ao menos nun 50%.

   Nas vivendas, segundo a clasificación climática do Código Técnico da Edificación (zona climática C), o conxunto das actuacións dos apartados a), b) e c) anteriores deberán lograr unha redución da demanda enerxética anual global, de maneira conxunta ou complementaria, de calefacción e refrixeración da vivenda referida a certificación enerxética, sobre a situación previa a dita actuación, do menos un 25%.

Actuacións subvencionables en vivendas de tipoloxía residencial colectiva, incluídas as que se realicen no interior das súas vivendas, dirixidas a mellorar a súa eficiencia enerxética e sustentabilidade:

a) A mellora da envolvente térmica do edificio para reducir a demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións en fachada, cuberta, andares baixos non protexidos o calquera parámetro da envolvente, de mellora do illamento térmico, substitución de carpintarías e acristalamentos dos ocos, o peche ou acristalamento das terrazas xa cubertas, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombra.
b) A instalación de novos sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, incremento da eficiencia enerxética dos sistemas xa existentes, mediante actuacións como: substitución dos equipos de produción de calor ou frío, instalacións de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; contadores e repartidores dos custos enerxéticos para as instalacións centralizadas de calefacción; illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de refrixeración gratuíto por aire exterior e de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

recuperación de calor do aire de renovación e a conexión dos edificios a redes de calor e e frío existentes.

c) A instalación de equipos de rexeneración que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa o xeotermia que reduza o consumo da enerxía convencional térmica ou eléctrica do edificio Inclúe a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, ao fin de contribuír a produción de auga quente sanitaria demandada polas vivendas, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.
d) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou parcela, mediante actuacións de substitución de lámpadas e luminarias por outras de maior rendemento enerxético, xeneralizando por exemplo a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de acendido e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.
e) A mellora das instalacións de subministro e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio ou outros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou parcela o que reduzan o volume de vertido ao sistema público de saneamento.
f) A mellora ou acondicionamento das instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios ou en espazos comúns das edificacións.
g) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.
h) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela que melloren a permeabilidade do chan, adaptar a xardinería a especies de baixo consumo híbrido, optimizar os sistema de rego e outras actuacións bioclimáticas.
i) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HS de salubridade ou, no seu defecto, as que afecten os elementos cuxa tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación o promedio anual de concentración de radon a niveis inferiores a 300 Bq/$m^3$, ou nas que sen alcanzar dito nivel, reduza a concentración inicial ao menos nun 50%.
j) As que fomente a mobilidade sostible nos servizos e instalacións comúns dos edificios e urbanizacións, como a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en aparcadoiros ou adecuación das zonas e instalacións de aparcadoiros de bicicletas.
k) As instalacións de fachadas e cubertas vexetais.
l) As instalacións de sistemas de domótica e/ou sensórica.

Nos edificios, segundo a clasificación climática do Código Técnico da Edificación (zona climática C), o conxunto das actuacións dos apartados a), b), c) e d) anteriores deberán lograr unha redución da demanda enerxética anual global, de maneira conxunta ou complementaria, de calefacción e refrixeración do edificio referida a certificación enerxética, sobre a situación previa a dita actuación, do menos un 25%.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

As actuacións de conservación que se acometan para subsanar as seguintes deficiencias:

a) As relativas o estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.
b) O estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, inclusive os procesos de desamiantado.
c) Adecuación do interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou no edificio de tipoloxía residencial colectivas, as condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente vixentes.

As actuacións para a mellora da seguridade de utilización e accesibilidade:

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

a) A instalación de ascensores, salva escaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, inclusive os adaptados as necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, a normativa sectorial correspondente.
b) A instalación ou dotación de produtos de apoio tales como grúas ou artefactos análogos que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros semellantes.
c) A instalación de elementos de información ou de aviso como sinais luminosas ou sonoras que permitan a orientación no uso das escaleiras, ascensores e do interior das vivendas.
d) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, como vídeo porteiros e análogos.
e) A instalación domótica e de outros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.
f) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal a espazos do interior das vivendas unifamiliares, agrupadas en fila ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva, así como as vías de evacuación dos mesmos. Inclúense obras dirixidas a ampliación dos espazos de circulación dentro das vivendas que cumpran as condicións do Código Técnico da Edificación no referido a vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.
g) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-SUA, Seguridade de utilización e accesibilidade.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

**Base 6ª Requisitos das actuacións subvencionables**

1. As actuacións de rehabilitación poderán estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (entrada en vigor o 11.03.2018), sempre que non se finalizasen con carácter previo á solicitude destas axudas. O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

2. As obras proxectadas deberán contar con licenza municipal de obras ou de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas. Asemade, as obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira ocupación.

3. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou memoria elaborada para a súa execución.

**Base 7ª. Orzamento protexido da actuación.**

O custo subvencionable total da actuación ven determinado pola suma do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo total das actuacións subvencionables constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

**Base 8ª. Tipos e contía das axudas económicas.**

As axudas públicas para a execución das diferentes actuacións para a rehabilitación das áreas consistirán en subvencións a fondo perdido, e poderán acollerse a elas calquera das actuacións

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

consignadas na base 5ª.

As subvencións concederanse no eido dos acordos das Comisións Bilaterais correspondentes asinados entre o Concello de Pontevedra, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Ministerio de Fomento, cun investimento constituído polas achegas dos referidos Ministerio, Consellería e dos promotores particulares, para a realización das actuacións cualificadas, ou dos acordos que no sucesivo se aproben. Teranse en conta tamén os informes que se emitan en relación ás solicitudes polos servizos técnicos municipais.

Subvencións estatais:

1. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao orzamento protexido da actuación e non poderá exceder, de forma individualizada, o 40% do custo subvencionable da actuación.

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

2. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, e en caso de edificios, incrementarase esta contía con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se executen as obras e se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos na base 5.1. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

b) Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, e en caso de edificios, incrementarase esta contía con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se acometan actuacións das relacionadas na base 5.2 e 5.3. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, se é o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

Subvención autonómicas:

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións nas ARI declaradas coa contía máxima seguinte:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

**Base 9ª. Aplicación orzamentaria.**

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

1. O límite de financiamento previsto para as actuacións no ámbito das áreas de rehabilitación, establécese en termos de máximos e anualidades de financiamento nos correspondentes acordos de Comisión Bilateral entre as distintas administracións, asinados o 26.10.2018, e que son os seguintes:

| Area de Rexeneración e Renovación Urbana | Nº de actuacións | Achega Ministerio Fomento | Achega Xunta |
|---|---|---|---|
| ARRU/ARI Conxunto Histórico 3ª Fase | 35 | 429.193,32 € | 122.928,49 € |
| ARRU/ARI núcleo de Estribela 8ª Fase | 23 | 97.040,31 € | 15.459,33 € |

2. Para a concesión das subvencións que se convocan, destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria correspondente.

3. A concesión das axudas que regulan estas bases estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes, debendo someterse os correspondentes expedientes de gasto á fiscalización previa.

**Base 10ª. Criterios de concesión das subvencións.**

Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, establécense os seguintes criterios, por este orde de prioridade, ata esgotar o orzamento destinado para elas.

1. Os edificios residenciais e as vivendas emprazadas en edificios para os que o planeamento prevé algún nivel de conservación, segundo o seguinte cadro:

| PEPRICA | | PERI DE ESTRIBELA | |
|---|---|---|---|
| Protección: | | Protección: | |
| Monumental | 50 puntos | Singular | 40 puntos |
| Integral | 40 puntos | Ambiental | 20 puntos |
| Estrutural | 30 puntos | | |
| Ambiental A | 20 puntos | | |
| Ambiental B | 15 puntos | | |
| Ambiental C | 10 puntos | | |

2. As actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética (10 puntos).

3. As actuacións encamiñadas á mellora da accesibilidade dos inmobles (10 puntos).

No caso de darse igualdade na puntuación conseguida, priorizarase polo seguinte orde:

1. A antigüidade do inmoble.

2. O menor número de vivendas á que afecte a solicitude.

3. A orde cronolóxica de entrada das solicitudes de subvencións no Rexistro Xeral do Concello. Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos exixidos nestas Bases e/ou na correspondente convocatoria.

**Base 11ª. Compatibilidade das axudas.**

1. As persoas beneficiarias deste programa poderán compatibilizar estas axudas con outras

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes desta ou doutras administracións ou institucións, sempre que o importe de todas elas non supere o custo total das actuacións.

2. Non obstante o anterior, non poderán obter o financiamento correspondente a este programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade,do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, que regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

**Base 12ª. Información e asesoramento previo á solicitude de subvención.**

As persoas que pretendan solicitar axudas económicas deberán solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa á solicitude de subvención. A visita técnica será efectuada polo persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área para comprobar o estado da edificación e asesorar ao/á peticionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmoble sobre as obras que se pretendan executar ou en execución.

**Base 13ª. Solicitudes de subvención.**

1. As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a estas bases, que está dispoñible na sede electrónica do Concello de Pontevedra (https://sede.pontevedra.gal).

2. As persoas ou entidades obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos, así como as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que presentasen as súas solicitudes presencialmente, requiriráselle para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse o documento nacional de identidade electrónico ou os certificados dixitais emitidos polas autoridades de certificación Fabrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) e certificados Camerais (Camerfirma), Firma profesional, Banesto, Registradores, CATCERT, CAGVA, IZENPE, ANF e ACA.

5. A sede electrónica do Concello de Pontevedra ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos logo da presentación das solicitudes (https://sede.pontevedra.gal).

6. No modelo de solicitude a persoa ou entidade solicitante realizará as seguintes declaracións:

- Declaración xurada de si solicitou e/ou recibiu ou non, subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención e compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para esa mesma finalidade, así como o seu importe.

- Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais, e fronte á Seguridade Social. En todo caso, antes da proposta de resolución deberá achegar as correspondentes certificacións das persoas beneficiarias de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería municipal de non estar incurso en

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Declaración de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Pontevedra, de conformidade co estabelecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración xurada de que dedicará a vivenda a residencia habitual e permanente ou alugamento. No caso de remodelación de edificios, declaración xurada de que o destino destes será para vivenda.

7. A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das presentes bases, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.

**Base 14ª. Documentación necesaria para a tramitación do procedemento.**

A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Se o solicitante é unha persoa física:

- NIF ou NIE da/do solicitante e de todos os propietarios, e de ser o caso, da persoa representante formalmente nomeado.
- Documento acreditativo da titularidade da/s vivenda/s e locais por parte da/do(s) solicitante(s), certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.
- Copia do título de división horizontal, de ser o caso.
- Escrito no que conste a conformidade de todas as persoas copropietarias coa realización das obras e solicitude de subvención.
- No caso de existir máis dunha persoa propietaria, autorización delas a unha persoa propietaria para a xestión, tramitación e cobro da subvención. (ANEXO VII).

2. Se o solicitante é unha persoa xurídica:

- Copia do CIF da persoa xurídica.
- Copia da escritura de constitución da entidade e da súa inscrición no Rexistro Mercantil no seu caso,.
- Documento acreditativo da representación que o solicitante ostenta da entidade.
- NIF do representante.
- Documento acreditativo da titularidade da/s vivenda/s e locais por parte da/do(s) solicitante(s).
- Copia do título de división horizontal.

3. En edificios nos que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, presentarase ademais:

- Copia do NIF da comunidade de propietarios
- Documento acreditativo da representación con que se actúa.
- Copia do título de división horizontal.
- Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4. En actuacións de rehabilitación de edificio xunto co ANEXO I deberá achegarse:

- Relación de vivendas e locais do edificio (ANEXO II), no que farán constar a súa referencia catastral e si participan ou non nas obras, e de participar, reflectir a cota de participación.
- Relación de persoas propietarias dun local ou dunha vivenda (ANEXO III) incluíndo só aquelas vivendas para as que se solicitan axudas á rehabilitación e que cumpren os requisitos de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

destino domicilio habitual ou permanente ou alugamento.
- Copia do NIF ou NIE de todas as persoas propietarias e documento acreditativo da titularidade de cada local e vivenda do edificio que cumpren os requisitos de destino vivenda habitual ou permanente ou alugamento.

5. En todos os casos ANEXO IV coa desagregación das actuacións subvencionables e o seu orzamento de acordo ás bases 5ª e 7ª.

6. No caso no que o solicitante sexa o arrendatario/a dunha vivenda, achegará o contrato de arrendamento e o acordo asinado coa persoa propietaria do inmoble onde conste a autorización para executar as obras e que a persoa arrendataria asume o custo destas.

7. No caso de solicitar acollerse ao incremento da porcentaxe ate o 75% (do Ministerio de Fomento) por ter ingresos a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotor da actuación e residente na vivenda ou edificio inferiores a 3 veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiple (IPREM), presentarase:

- Copia do documento da última declaración da renda ou certificado de facenda.
- Volante de empadroamento da unidade de convivencia ou autorización ao ente xestor, o Concello de Pontevedra, para solicitalo.

Para o cálculo partirase das contías da base impoñible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de no residentes e sobre o patrimonio.

8. No caso de obras de mellora de accesibilidade, poderán acollerse ao incremento do 75% (do Ministerio de Fomento) sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotor da actuación e residente na vivenda ou edificio, a convivencia de persoas con discapacidade ou maiores de 65 años.
Achegarase para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou discapacidade recoñecida.
- Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 años (NIF, certificado de nacemento...).
- Volante de empadroamento da unidade de convivencia ou autorización ao ente xestor, o Concello de Pontevedra, para solicitalo.

9. No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario achegar un certificado de eficiencia enerxética (CEE) do estado previo do inmoble e xustificar a mellora obtida, que deberá reducir a demanda enerxética anual global polo menos nun 25%.

10. Os edificios cuxos titulares pretendan acollerse a axudas públicas co obxecto de acometer obras de conservación, accesibilidade universal ou eficiencia enerxética deberán contar co informe de avaliación de edificios (IAEd) presentado no Concello, con carácter previo á solicitude da axuda, de acordo á regulación e ao calendario temporal establecido na Ordenanza reguladora do informe de avaliación dos edificios do Concello de Pontevedra (BOP núm. 66, do 09.04.2015) e a súa modificación (BOP núm. 138 do 19.07.2017).

11. Proxecto ou memoria técnica no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos apartados 1, 2 e 3 da base 5ª. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

12. Orzamento das obras detallado por unidades de obras e agrupado por capítulos con medicións e prezo. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, o

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención. Deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

13. Copia da licenza, comunicación previa e/ou autorizacións para a execución das obras ou solicitude das mesmas.

14. Comunicación do inicio das obras xunto con copia do certificado de inicio das obras, só no caso de obras iniciadas con anterioridade á solicitude de subvención. (ANEXO V).

15. Calquera outra documentación necesaria para a acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Se a devandita documentación xa estivese en poder do Concello, haberá de facelo constar con indicación da data, número de expediente e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou ao representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

**Base 15ª. Prazo de presentación das solicitudes.**

O prazo para presentar as solicitudes será de 3 meses contados partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación destas bases e da correspondente convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

**Base 16ª. Procedemento.**

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases será o seguinte:

1. A unidade administrativa municipal encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo improrrogable de dez (10) días, corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

2. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, formularase a proposta de cualificación provisional, para o cal o persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área haberá de emitir o informe correspondente.

3. O órgano instrutor será a Oficina Técnica de Rehabilitación do ARI, en coordinación cun/ha xefe/a de servizo do SUMAPH.

4. A comisión de valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición: A concelleira responsábel de vivenda, o/a arquitecto/a xefe/a da Oficina Técnica de Rehabilitación, o/a técnico/a responsábel da área de planeamento e xestión do SUMAPH, e un/ha vogal por cada grupo político con representación no Pleno do Concello.

5. No caso de que houbese máis solicitudes que número de actuacións previstas para un área de rehabilitación e sempre que cumpran con todas as condicións incluídas nestas bases, procederase a realizar unha relación das ditas solicitudes seguindo os criterios de avaliación da base 10. Os solicitantes que queden fóra da convocatoria entrarán a formar parte dunha listaxe de espera para poderen ser incluídos no caso de renuncia ou anulación dos provisionalmente

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

aceptados.

**Base 17ª. Aprobación provisional das axudas.**

1. O Concello remitiralle á correspondente área provincial do IGVS a proposta de cualificación provisional que conterá a identificación da persoa solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude de subvención no Concello. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

2. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional, que conterá a identificación da persoa solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras, segundo o establecido no punto 4 do artigo vixésimo primeiro da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

**Base 18ª. Aceptación e renuncia.**

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, notificada a resolución polo órgano competente, os beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días, contados desde a súa notificación, para a súa aceptación. Transcorrido este prazo sen que se teña producido manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención poderá facerse axustándose ao modelo que se inclúe como ANEXO VIII destas bases reguladoras, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, a renuncia á subvención requirirá o acordo dos propietarios ou da xunta de propietarios, segundo corresponda.

**Base 19ª. Contratación das obras.**

As persoas solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno ou a través do "Directorio de axentes colaboradores en materia de rehabilitación, conservación e inspección técnica de edificios do Concello de Pontevedra" publicado na páxina web do Concello e cuxa regulación publicouse no BOP núm. 245 do 21 de decembro de 2015.

**Base 20ª. Execución das obras**

A persoa solicitante promotora das obras comunicaralle formalmente mediante impreso normalizado (ANEXO V) á oficina municipal de rehabilitación da área a data do comezo das obras e o prazo de execución das mesmas. No caso de que a obra conte con dirección facultativa xuntarase certificado de inicio das obras.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso o período de duración das actuacións en ningún caso poderá exceder do establecido nos acordos de Comisión Bilateral do 26.10.2018, que establecen que en virtude do previsto no artigo 54 do Real decreto 106/2018, a actuación financiada no seu conxunto deberá estar finalizada no prazo máximo de 5 anos desde a sinatura do acordo.

A oficina municipal de rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude da cualificación provisional concedida.

Todas as obras subvencionadas deberán incluír de forma visíbel a imaxe corporativa do Plan Estatal de Vivenda do Ministerio de Fomento, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e do Concello de Pontevedra, para o que será necesario a colocación de carteis exteriores conforme ao establecido polo órgano correspondente da Comunidade Autónoma. Ditos carteis serán sufragados e entregados polo Concello de Pontevedra.

**Base 21ª. Xustificación do gasto e pagamento.**

1. Finalizadas as obras, as persoas beneficiarias deberán comunicarlle ao Concello o remate destas mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO VI) acompañado da documentación final de obra que consta nel:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas e recibidas.
- Certificación bancaria do número de conta ao seu nome.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Pontevedra, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa Facenda autonómica, de non autorizar ao ente xestor das axudas, o Concello de Pontevedra, para a xestión dos mesmos.
- Facturas polo importe das obras, que deberán de coincidir co detallado por unidade de obra do orzamento protexido, así como os estratos bancarios xustificativos dos gastos.
- Certificado final de obra asinado por técnico competente, no caso de execución de obras maiores.
- De ser o caso licenza de primeira ocupación ou solicitude da mesma. No caso de presentar solicitude de primeira ocupación o pagamento da axuda condicionarase á obtención da mesma.
- Fotografías en cor da fachada do edificio e das zonas que se rehabilitaron, e fotografía en cor da fachada do edificio coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Fomento, da Xunta de Galicia e do Concello de Pontevedra.
- De non ter autorizado ao Concello de Pontevedra, volante de empadroamento de cada un dos propietarios das vivendas obxecto de rehabilitación, ou de ser o caso, o volante da unidade de convivencia.
- Contrato de arrendamento de ser o caso. O pagamento da axuda condicionarase á presentación do contrato de arrendamento.

2. O persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área, unha vez vista a documentación e realizada visita ao inmoble, emitirá un informe que, de ser favorable respecto da correcta execución das obras, e tras a comprobación das correspondentes facturas polo importe total delas, segundo o presuposto protexido, dará lugar á certificación de obra executada, asinada polo/a técnico/a municipal competente na materia.

Para os efectos de garantir a correcta aplicación dos fondos, a xefatura da Oficina Técnica de Rehabilitación será a competente para comprobación da xustificación da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite que as intervencións foron realizadas con adecuación ao proxecto e finalidade que determinou a concesión e que as facturas achegadas se axeitan ao proxecto presentado e que corresponden á tipoloxía dos gastos subvencionados. Os beneficiarios estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos art. 14 da Lei 38/2003, e art. 11 da Lei 9/2007.

No suposto de informe desfavorábel requirirase ao solicitante para que nun prazo improrrogable

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

de dez (10) días, emende ou achegue a documentación preceptiva, co indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos la lexislación de procedemento administrativo.

3. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

4. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, as seguintes:

- Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

- Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.

- Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

- Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 para obter a condición de persoa beneficiaria ou dos contidos no acordo específico

5. Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

6. Os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

**Base 22ª. Aprobación definitiva das axudas.**

1. O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva, que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se vai aboar. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirá á correspondente área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 3 de agosto e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoa e entidade beneficiaria.

2. As xefaturas territoriais do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexido, segundo o establecido no punto 5 do artigo vixésimo segundo da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018.

3. Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións destas bases, formularase a proposta definitiva de resolución.

**Base 23ª. Publicidade das subvencións concedidas.**

1. A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, na páxina web do Concello www.pontevedra.gal, así como no Boletín Oficial da Provincia.

2. En cumprimento do disposto nos artigos 17.3.b), 18 e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

**Base 24ª. Notificacións.**

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello, http://sede.pontevedra.gal/. O sistema remitirá ás persoas interesadas, que así o solicitaran, avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o Concello practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Base 25ª. Responsabilidades e réxime sancionador.**

1. As persoas beneficiarias das subvencións outorgadas, virán obrigadas a:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención nos prazos sinalados nas presentes bases.
b) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención do Concello polos medios que este estime oportunos.
c) Facilitar canta información lle sexa requirida polos diferentes servizos do Concello.
d) Cumprir os prazos das distintas actuacións que se estabelecen nas presentes bases.

2. As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infracción administrativa na materia estabelece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

**Base 26ª. Denegación, revogación e reintegro das axudas**

1. As persoas beneficiarias das subvencións deberán reintegrar a totalidade ou parte das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que de ser coñecidas impedirían a concesión.

b) Incumprimento total ou parcial de calquera das condicións esixidas ou do obxecto da presente subvención pola non execución da intervención proxectada que motivou a concesión da mesma.

c) Cometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

d) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

e) En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control fixadas nestas bases.

g) Demais causas previstas no artigo 37 Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra aprobada na sesión plenaria do día 17 de setembro de 2004.

2. O reintegro de subvencións rexerase pola normativa específica de fomento e o procedemento de reintegro regularase polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo das especialidades que se estabelezan legal ou regulamentariamente.

3. As cantidades que se reintegren terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na normativa xeral tributaria e reguladora das facendas locais. A obriga de reintegrar será independente das sancións que, no seu caso, puideran imporse.

**Base 27ª. Cambios de titularidade.**

Só se poderá autorizar o cambio de titularidade da persoa beneficiaria da subvención logo da solicitude por escrito das persoas interesadas, unha vez recaída a resolución de concesión da subvención e sempre que a persoa que solicitou inicialmente a subvención a aceptara, e a que pretenda ser nova titular cumpra os requisitos esixidos para acceder ás axudas e exista conformidade entre as partes interesadas para que o cambio se produza. A que pretenda ser nova titular subrogarase nos compromisos adquiridos pola anterior, de modo que o incumprimento dun dos requisitos orixinará a desestimación do cambio de titularidade.

A solicitude achegará, segundo proceda, os documentos xustificativos da personalidade e dos motivos polos que se solicita o cambio, como falecemento, compravenda, transformacións de sociedades, alugamento ou outras causas, así como conformidade entre as partes, declaración de expresa responsabilidade sobre o cumprimento dos requisitos esixidos para acceder ás axudas e subrogación nos compromisos da anterior titular.

**Base 28ª. Interpretación.**

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Comisión Cualificadora.

**Base 29ª. Normativa.**

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (BOE núm. 61, do 10 de marzo de 2018)
- Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (DOG núm.156, do venres 17 de agosto de 2018)
- Plan Especial de Reforma Interior de Estribela (PERI), aprobado definitivamente o 16.02.07 polo Pleno do Concello de Pontevedra (BOP núm. 90 do 09.05.2007) e no PXOU en vigor aprobado por Orde da COTOP de 18.12.1989.
- Plan Especial de Protección e Reforma Interior e Conservación Artística (PEPRICA) aprobado definitivamente o 27.02.2003 (BOP núm.105 do 03.06.2003) e no PXOU en vigor aprobado por Orde da COTOP de 18.12.1989.

**Disposicións adicionais.**

**Primeira.-** As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

**Segunda.- Protección de datos de carácter persoal.**

Os datos de carácter persoal que se acheguen por parte das persoas no procedemento que se regula nas presentes bases só poderán utilizarse para os fins previstos na mesma. As persoas responsábeis do acceso e tratamento de datos persoais deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas que garantan a seguridade, integridade e confidencialidade dos mesmos.

**Disposición derradeira.**

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, tras a tramitación regulamentariamente establecida.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

# 407 SOLICITUDE DE VISITA TÉCNICA DE INSPECCIÓN PARA A ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF/CIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS | NIF/CIF

**NOTIFICACIÓNS**

As persoas obrigadas a relacionarse electrónicamente coa administración só recibirán notificacións electrónicas. Para poder recibir os avisos das notificacións que lle emita o Concello de Pontevedra poderán comunicar un correo electrónico a través do procedemento 181 do catálogo de procedementos da sede electrónica (aquí).

As persoas físicas recibirán as notificacións, ademais de electrónicamente, por correo postal salvo que elixan a notificación electrónica como medio preferente a través do procedemento 183 do catalogo de procedementos da sede electrónica (aquí) podendo darse de baixa en calquera momento a través do procedemento 182 do catálogo de procedementos da sede electrónica (aquí).

**EXPÓN:**

Que, en calidade de ____ (propietario/a/inquilino/a) do/a ____ (edificio ou vivenda) sito/a na rúa

____ (enderezo da obra)

con referencia catastral ____

Ten coñecemento de que o inmoble arriba indicado localízase dentro do ámbito:

☐ Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela
☐ Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico

Ten intención de solicitar axudas económicas para a rehabilitación do inmoble.

Por todo iso, **SOLICITA:**

Que por parte da Oficina Técnica de Rehabilitación se realice a visita de inspección previa á solicitude oficial de axudas económicas, co fin de comprobar o estado do inmoble e asesorar sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do mesmo.

**ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

☐ Copia do NIF ou NIE do solicitante.
☐ Outros documentos: ____

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

____ , ____ de ____ de ____

Oficina Técnica de Rehabilitación

**AO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

Informámoslles, de acordo co disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello de Pontevedra, cuxa finalidade é a xestión e o rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Pontevedra, como responsable do ficheiro, solicitándoo presencialmente ante o Rexistro xeral ou ben na sede electrónica www.sede.pontevedra.gal

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:021O9YVY0ME04TZA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

# ANEXO I VIVENDA

## 408 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

| NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF/CIF |
|---|---|
| | |

| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME E APELIDOS | NIF/CIF |
|---|---|
| | |

**NOTIFICACIÓNS**

As persoas obrigadas a relacionarse electrónicamente coa administración só recibirán notificacións electrónicas. Para poder recibir os avisos das notificacións que lle emita o Concello de Pontevedra poderán comunicar un correo electrónico a través do procedemento 181 do catálogo de procedementos da sede electrónica (aquí).
As persoas físicas recibirán as notificacións, ademais de electrónicamente, por correo postal salvo que elixan a notificación electrónica como medio preferente a través do procedemento 183 do catálogo de procedementos da sede electrónica (aquí) podendo darse de baixa en calquera momento a través do procedemento 182 do catálogo de procedementos da sede electrónica (aquí).

**EXPÓN:**

Que, en calidade de ____________ da vivenda sita na rúa ____________
(propietario/a/inquilino/a)

____________
(enderezo da obra)

con referencia catastral ____________

desexa acollerse as axudas para actuacións de rehabilitación en edificios e vivendas do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural, ao abeiro do establecido no RD 106/2018, do 9 de marzo, do Ministerio de Fomento, Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 e nas Bases reguladoras aprobadas polo Concello de Pontevedra que se aceptan por medio do presente escrito.

Por todo iso, **SOLICITA**:
Que lle sexa expedida a correspondente cualificación provisional dentro do ámbito:

- ☐ Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela
- ☐ Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico

**ACTUACIÓNS PROTEXIDAS**
REHABILITACIÓN DE VIVENDA

- ☐ En edificio dunha soa vivenda (unifamiliar)
- ☐ En edificio de varias vivendas (colectiva)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
   - ☐ Si solicitou e /ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que a documentación presentada no expediente en copia simple constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.

Oficina Técnica de Rehabilitación
**AO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE FOMENTO XUNTA DE GALICIA INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Informámoslles, de acordo co disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello de Pontevedra, cuxa finalidade é a xestión e o rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Pontevedra, como responsable do ficheiro, solicitándoo presencialmente ante o Rexistro xeral ou ben na sede electrónica www.sede.pontevedra.gal

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:02109YVY0ME04TZA

4. Non estar incurso/a en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
